

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2025.

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADAS CONTRA
O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO
XERAL DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO DE 2026 E
APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO. (EXPTES.-
2025080969 - 2025071133 - 2025070722 - 2025054063).**

O Presidente da Comisión informa sobre as reclamacións presentadas durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026, así como das correccións efectuadas na relación de postos de traballo e nas bases de aplicación de retribucións aprobadas inicialmente e somete a debate a proposta de acordo sobre a resolución de reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026 e aprobación definitiva do mesmo, asinada con data 16 de decembro de 2025 polo Secretario da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“Por acordo adoptado no Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión extraordinaria que tivo lugar o 7 de novembro de 2025 aprobouse provisionalmente o orzamento provincial para o ano 2025, así como o cadro de persoal e relacións de postos de traballo, sendo publicado o anuncio no Boletín Oficial da provincia nº 215 de data 10/11/2025.

O prazo establecido para formular alegacións á relación de postos de traballo foi de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, finalizando dicho prazo o día 9 de decembro de 2025, incluído.

Dentro do referido prazo, presentáronse a través da sede electrónica as seguintes alegacións- reclamacións ás relacións de postos de traballo da Deputación Provincial, cuxo contido expónse, de forma extractada, a continuación:



a) *Escrito da Sección sindical de CCOO, rexistro do 03/12/2025:*

Alega insuficiencia na dotación de persoal e desaxustes na clasificación, niveis e complementos retributivos asignados a prazas que pertencen ó mesmo grupo/subgrupo de titulación e desempeñando funcións similares, polo que co obxectivo de mellorar a adecuada xestión dos recursos humanos propoñen incrementar o importe das horas extras e retribucións por servizos especiais, manter o posto de xefatura de Servizos Lingüísticos nivel 29, asignar a dedicación aos enxeñeiros de infraestruturas, transformar a praza de operario de nova creación para o parque de maquinaria nunha oficial de infraestruturas por unificación coas demais prazas do Servizo, eliminar a transformación do posto de oficial de infraestruturas en xefe de brigada e a creación da praza de oficial/a vixilante/a do subgrupo C2, clasificar a praza de nova creación para a E. Fitopatolóxica de Areeiro nun subgrupo A2 en lugar dun A1, transformar unha praza de técnico de admón. xeral do subgrupo A1 nunha praza do subgrupo A2 de técnico medio, asignar a xefatura de negociado a dous postos do Servizo de Patrimonio Documental e reclasificar sete prazas de axudante de educación para promoción ao subgrupo A2.

b) *Escrito da Sección sindical de UGT, rexistro do 09/12/2025:*

Reiteran as alegacións formuladas no proceso de negociación, centradas na necesidade de levar a cabo unha planificación da xestión de persoal e o establecemento de criterios obxectivos para a elaboración do orzamento. Solicitan revisar nas bases de aplicación de retribucións a valoración dos postos do grupo B, a cobertura de ausencias imprevistas, as retribucións por xornadas especiais, o número mínimo de horas da dedicación parcial, as compensacións horarias e as retribucións por xornadas especiais. Así mesmo, interesan que se apliquen unha serie de melloras en canto a transformación e cambios de adscrición de postos de traballo, as disfuncións no cadro de persoal, o grupo E ou a información que se incorpora ao cadro de persoal. Completan a proposta cunha referencia individual por servizos sobre necesidade de persoal, incremento de niveis de CD ou dos factores que integran o CE, achegando unha proposta mais detallada para o Servizo Oral co fin de que ao longo do ano 2026 se dote dunha estrutura básica funcional na que se recoñezan os complementos retributivos ás xefaturas de sección e axentes catastrais, ademais de asumir o compromiso de acometer o proceso de tecnificación do Oral e fomentar a promoción interna e carreira administrativa.

Así mesmo, dentro do indicado prazo de información pública D. JESUS DE NAZARET ROCHA PASTORIZA presentou alegacións ao cadro de persoal do



Consortio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, así como contra o cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento (registro web2025080452, do 21/11/2025), que versan sobre a natureza funcional dos postos de traballo do persoal operativo adscrito á área de prevención e extinción de incendios.

Revisada a documentación que forma parte do expediente e as alegacións presentadas pola Seccións Sindicais, o deputado delegado da área de persoal desta Deputación con data 15/12/2025, efectúa unha proposta para realizar unha serie de cambios ou rectificacións no cadro de persoal e nas relacións de postos de traballo deste Organismo Provincial, cuxo detalle e o seguinte:

- No cadro de persoal funcionario e na RPT do Servizo de Infraestruturas, transformase unha praza vacante do grupo E de operario/a, nunha praza do subgrupo C2 de oficial/a de infraestruturas e servizos, con posto de traballo de oficial/a de servizos Parque Central de Maquinaria, a fin de favorecer a promoción do grupo E e unificar categorías.*
- Na RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Cooperación, modifícase en parte a denominación e contido dun posto de traballo, que pasa de oficial/a de control e vixilancia a oficial/a vixilante/a de instalacións e programas de actuación na zona norte, co obxecto de poder atender non so as labores de vixilancia no Polígono de Lalín, senón tamén as de seguimento e control da execución de obras que se están a desenvolver nesa zona, sen que este cambio implique variación nas súas retribucións.*
- Na RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Infraestruturas se lle asigna a dispoñibilidade ao posto de nova creación de axudante/a vixilante/a do subgrupo C2, nas mesmas condicións que ao persoal que se encarga deste tipo de funcións.*
- Na RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Infraestruturas elimínase a conversión dun posto de oficial/a de infraestruturas C2-17, que se atopa vacante, nun posto de xefe/a de brigada C2-18.*
- No cadro de persoal e na RPT de persoal funcionario adscrito ao Museo Provincial, transformase unha praza do subgrupo C2 de oficial/a de servizos xerais e subalternos, creada para a reclasificación do persoal do grupo inferior, nunha praza do grupo E de subalterno/a de oficios varios, por quedar*



deserta a convocatoria da praza de nivel superior tras a celebración do proceso selectivo.

Así mesmo débese aclarar nas bases de aplicación de retribucións e no informe de RRHH da aprobación inicial, o importe das gratificacións especiais de nadal, acreditadas en exercicios anteriores e non recollidas ata agora neste documento:

- Ao persoal da Deputación que traballe na quenda de noite do 24 e 31 de decembro, acreditaráselle unha gratificación especial de 119,93 €.*
- Ao persoal que traballe na quenda de mañá e tarde os días 25 de decembro e 1 de xaneiro acreditaráselle unha gratificación especial por importe dun festivo dobre.*
- Ao persoal que traballe en quendas de día os días 24 e 31 acreditaráselle unha gratificación especial por importe dun festivo.*
- Ao persoal que traballe en quendas de noite do 25 de decembro e 1 de xaneiro acreditaráselle a gratificación dun festivo.*

Ademais, procede puntualizar que a regulación prevista na base quinta das Bases de aplicación de retribucións para as modalidades de persoal funcionario interino contempladas no artigo 10 do TRLEBEP, apartado c) por acumulación de tarefas e d) por execución de programas de carácter temporal, farase extensiva aos supostos do apartado b) por substitución transitoria do titular.

Por conseguinte, o deputado delegado da área de persoal da Deputación Provincial de Pontevedra propón:

- Primeiro.- Desestimar as alegacións das seccións sindicais de CCOO e UGT, xa que ningunha delas se fundamenta nos motivos de reclamación previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen prexuízo da aceptación do cambio de grupo de clasificación dunha praza de operario/a, que se transforma en oficial/a, e a eliminación da conversión dun posto vacante de oficial de infraestruturas en xefe de brigada.*
- Segundo.- Rectificar o cadro de persoal e RPTs co obxecto de integrar as modificacións indicadas relativas á transformación dunha praza do grupo E noutra do subgrupo C2, o cambio de denominación dun posto adscrito ao Servizo de Cooperación con destino no Polígono de Lalín, a eliminación da conversión dun posto de oficial/a de infraestruturas C2-17 en xefe/a de brigada C2-18, a asignación da dispoñibilidade ao posto de traballo de nova creación de vixilante C2-17 e a transformación dunha praza do subgrupo C2 de oficial/a de servizos xerais e subalternos nunha praza do grupo E.*



- *Terceiro.- Modificar as bases de aplicación de retribucións no sentido de engadir de forma detallada o importe das gratificacións especiais que corresponden ao días de nadal*

O custo salarial que deriva destes cambios pódese afrontar co montante total do crédito inicial, debido á existencia de vacantes nos Servizos aos que están adscritos os correspondentes postos de traballo.

Incorpórase ao expediente informe da secretaria interventora do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento, de data 11/12/2025, de contestación ás alegacións e reclamacións formuladas por D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, no que se propón:

1º.- Desestimar as alegacións e reclamacións presentadas, no período de información pública, por D. Jesús de Narazaret Rocha Patoriza, con data de rexistro de entrada na Deputación Provincial de Pontevedra o 21/11/2025, en relación a:

- *Relación de Postos de Traballo e Organigrama do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, por canto a mesma non caben as alegacións ao ter sido aprobada con carácter definitivo con data 13/06/2025 e publicada, en cumprimento do artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 25/06/2025, nº 120.*
- *Expediente de aprobación da modificación da estrutura organizativa da Relación de Postos de Traballo para 2026, por canto:*
 - *Nin na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia nin nos Estatutos do Consorcio queda determinado que estes postos deban ser desempeñados por persoal funcionario, logo de que obviaran atribuír ao persoal de extinción de incendios e salvamento a condición de axentes de autoridade, cuxo exercicio debe ser amparado por unha atribución legal.*
 - *Tanto a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia coma os Estatutos do Consorcio, contemplan como forma de xestión dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias calquera das modalidades das previstas na lexislación vixente, polo que non se recoñece a reserva das funcións de autoridade, que*



corresponden en exclusiva a funcionarios públicos, a favor do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias.

Polo que a natureza xurídica dos postos de traballo do persoal operativo adscrito á área de prevención e extinción de incendios deste Consorcio encádrase na clasificación dos empregados públicos recollidos na lexislación vixente.

- Expediente de aprobación do Orzamento e Cadro de Persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2026, sinalado o anterior, ao non responder a ningún dos supostos de reclamación dos contemplados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regula este este procedemento.*

2º.- Aprobar con carácter definitivo a modificación da estrutura organizativa da Relación de Postos de Traballo para o 2026, aprobada definitivamente polo Pleno do Consorcio en sesión de data 13 de xuño de 2025, coa creación de catro (4) postos de traballo no Grupo Profesional, Grupo I, Mandos, na categoría de xefes de quenda-condutor/a; tomando as puntuación de valoración e o catálogo de postos de traballo coas funcións e tarefas de cada un deles, elaborada pola empresa NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., aprobada definitivamente, conxuntamente coa RPT, polo Pleno deste Consorcio en sesión de data 13 de xuño de 2025; en virtude da proposta da Xerencia e a documentación elaborada pola empresa NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L.

Incorporase tamén ao expediente informe do secretario do Consorcio Contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, de data a 12/12/2025, de contestación ás alegacións e reclamacións formuladas por D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, no que se propón:

2º.- Desestimar as alegacións formuladas e as pretensións contidas na reclamación ao expediente de aprobación inicial do orzamento e alegacións ao Cadro de Persoal interpostas por D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, no rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra en base ás motivacións expostas no corpo do informe emitido polo secretario e que forma parte do corpo da presente resolución, e que se concretan en que:



1. *A reclamación administrativa presentada non se axusta a ningunha das "causas" reguladas no artigo 170.2º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que "Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:*

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.*
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto a as necesidades para as que estea previsto."*

2. *Nin na Lei 5/2007 do 7 de maio, de emerxencias de Galicia nin nos Estatutos do Consorcio queda claro que estes postos deban ser desempeñados por persoal funcionario, logo de que obviaran atribuír ao persoal de extinción de incendios e salvamento a condición de axentes de autoridade, cuxo exercicio debe ser amparado por unha atribución legal. É dicir, a Lei 5/2007 do 17 de maio de Emerxencias de Galicia, non recoñece en ningún dos seus artigos como "axentes da autoridade ao persoal profesional ou voluntario que conforma o sistema integrado de protección civil.*

3. *Tanto a Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia coma os Estatutos do Consorcio, contemplan como forma de xestión dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias calquera das modalidades das previstas na lexislación vixente, polo que induce a considerar que non se recoñece a reserva das funcións de autoridade a favor do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias, que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.*

4. *A nivel de competencias, a Lei de Emerxencias desenvolvida por cada Comunidade Autónoma debe outorgar expresamente esa condición de "axente da autoridade" aos seus bombeiros, sendo requisito necesario para iso que estes sexan funcionarios públicos da devandita comunidade, xa que, segundo recolle o artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público, corresponde exclusivamente aos funcionarios públicos o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas*



5. Pódese concluír, por tanto, que o carácter de "axente da autoridade" non se adquire pola condición de "funcionario"; é unha Lei a que debe outorgalo expresamente. Polo tanto, non é un requisito imprescindible ter a condición de axente da autoridade para desempeñar as funcións propias do persoal do servizo contraincendios e salvamento.

3º.- Ratificar o acordo de aprobación inicial do orzamento deste Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós Terra de Montes, de data 30/10/2025, en todos os seus termos e con elo o acordo da Deputación de aprobación inicial dos orzamentos para o exercicio 2026.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1º.- O artigo 170.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 22.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título VI da Lei 39/88, dispón que unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos nesta Lei.*
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.*

2º.- Tal e como determina o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do emprego público de Galicia, a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración



xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia

3º.- A teor do disposto no artigo 37 do Real decreto legislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do Empregado Público, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda, entre outras, o incremento das retribucións do persoal ó servizo das Administracións Pública así como a determinación e aplicación de retribucións dos funcionarios, quedando excluídas expresamente da obrigatoriedade da negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización e a determinación das condicións de traballo do persoal directivo, entre outras. Neste senso, unha ampla e reiterada xurisprudencia, como a recollida na Sentenza do TSJ de Extremadura núm. 532/2005 de 16 xuño, recoñece que o principio de autoorganización nas Administracións Locais, nas distintas materias relacionadas coa súa organización administrativa, está referido, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e os límites que estableza o Lexislador. Iso leva que sexa a Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización. Na mesma liña pronúnciase o tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do contencioso-administrativo, Sección 1ª), mediante sentenza núm. 451/2012 de 21 marzo, ao indicar que “a finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos, (...). A elaboración ou confección da RPT integra, por tanto, unha cuestión organizativa que atopa adecuado encaixe dentro das facultades que nese aspecto corresponden á Administración (...).

4º.- Examinadas as alegacións formuladas polas Seccións Sindicais de CCOO e UGT pódese comprobar que ningunha delas se fundamenta nos motivos contemplados no referido artigo 170.2 do TRLRFL, non son materia obxecto de negociación no orzamento provincial e a maioría afectan á potestade de autoorganización da Corporación Provincial, a quen lle incumbe valorar as concretas necesidades da organización administrativa, coordinar os servizos e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa



estrutura. Ademais, gran parte xa foron tratadas na negociación e reproducen as expostas no seu momento.

5º.- As modificacións do cadro de persoal e relacións de postos de traballo que se propoñen neste expediente de aprobación definitiva, non contempladas na aprobación inicial, que afectan á transformación dunha praza vacante do grupo E nunha do subgrupo C2 e ao cambio de denominación e contido dun posto de traballo, tramítanse en virtude da potestade de autoorganización da corporación provincial co fin de adecuar a estrutura de persoal ás necesidades reais desta Administración e garantir o normal funcionamento dos servizos, o que se leva a cabo con fundamento no artigo 4.1 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.

A aclaración das gratificacións de natal nas bases de aplicación de retribucións resulta preciso incluíla para diferenciar os diferentes supostos que se foron acordando ao longo do tempo nas mesas de negociación dos orzamentos provinciais e que xa se veñen abonado dende hai anos.

6º.- Polo que se refire ás alegacións e reclamacións presentadas por D. JESUS DE NAZARET ROCHA PASTORIZA ao cadro de persoal do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, así como contra o cadro de persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento (registro web2025080452, de data 21/11/2025), estase ao xa informado polo secretario e secretaria interventora dos referidos consorcios, respectivamente, documentos que figuran no expediente.

7º.- A aprobación inicial do orzamento considerase un acto de trámite que pode ser modificado antes da aprobación definitiva no período de reclamacións, tal como precisan os artigos 169 e 170 do TRLRFL.

8º.- Segundo se recolle no artigo 33.2 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, ao amparo do disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ao exposto e vistos o informe conxunto emitido pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, o Secretario Accidental e o Interventor desta Deputación asinado dixitalmente en datas 15 e 16 de decembro de 2025, así como os informes da Secretaría Interventora do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento da data



11/12/2025 e do Secretario do Consorcio Contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes de data 12/12/2025, o **Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda:**

PRIMEIRO: Desestimar as alegacións das seccións sindicais de CCOO e UGT ao cadro de persoal e as relacións de postos de traballo da Deputación Provincial de Pontevedra, xa que ningunha delas se fundamenta nos motivos de reclamación previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen prexuízo da aceptación do cambio de grupo de clasificación dunha praza de operario/a, que se transforma en oficial/a, e a eliminación da conversión dun posto vacante de oficial/a de infraestruturas en xefe/a de brigada.

SEGUNDO: Rectificar o cadro de persoal e relacións de postos de traballo co obxecto de integrar as modificacións indicadas na proposta do deputado delegado da área de persoal, relativas á transformación dunha praza do grupo E noutra do subgrupo C2, o cambio de denominación dun posto adscrito ao Servizo de Cooperación con destino no Polígono de Lalín, a eliminación da conversión dun posto de oficial/a de infraestruturas C2-17 en xefe/a de brigada C2-18, a asignación da dispoñibilidade ao posto de traballo de nova creación de vixilante/a C2-17 e a transformación dunha praza do subgrupo C2 de oficial/a de servizos xerais e subalternos nunha praza do grupo E.

TERCEIRO: Modificar as bases de aplicación de retribucións da Deputación Provincial de Pontevedra no sentido de engadir de forma detallada o importe das gratificacións especiais que corresponden aos días de nadal.

CUARTO: Aprobar definitivamente o cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026 coas modificacións sinaladas sobre a aprobación inicial na proposta do deputado delegado de persoal.

QUINTO: Desestimar as alegacións e reclamacións presentadas por D. JESUS DE NAZARET ROCHA PASTORIZA ao cadro de persoal do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, polas razóns expostas no informe do secretario do Consorcio.

SEXTO: Desestimar as alegacións e reclamacións presentadas por D. JESUS DE NAZARET ROCHA PASTORIZA ao cadro de persoal do Consorcio Provincial



de Pontevedra para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento, polas razóns expostas no informe da secretaria interventora do Consorcio.

SÉTIMO:- *Aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026 que está integrado por:*

O orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 238.597.397,00 euros.

-O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 661.079,00 euros.

-O orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, por importe de 6.000.100,00 euros.

- O orzamento do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, por importe de 1.294.005,00 euros

-O orzamento xeral consolidado, por importe de:

-En ingresos.....243.694.901,00 euros.

-En gastos.....243.694.901,00 euros.

-As bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-O organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-Os cadros do persoal funcionario, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-O Anexo de investimentos para o exercicio 2026.



-O plan (marco) orzamentario a medio prazo 2025-2027.

-Os resumes por capítulos dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos indicados, que son o seguintes:

ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	57.198.673,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	50.574.845,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	133.004,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	38.047.465,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.	1.000.000,00 €
Total Operacións correntes.....	146.953.987,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais.....	34.072.854,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	57.298.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
Total Operacións de Capital.....	91.643.410,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	238.597.397,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos.....	20.314.740,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	16.595.728,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	13.131.855,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	183.650.869,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	3.555.705,00 €
Total Operacións correntes.....	237.248.897,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de inversións reais.....	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	238.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	260.000,00 €
Total Operacións de Capital.....	1.348.500,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	238.597.397,00 €

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

ESTADO DE GASTOS



OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	594.323,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	65.656,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	100,00 €
Total Operacións correntes.....	660.079,00 €

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Investimentos reais.....	1.000,00 €
Total Operacións de Capital.....	1.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	661.079,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	535.077,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2,00 €
Total Operacións correntes.....	660.079,00 €

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	1.000,00 €
Total Operacións de Capital.....	1.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	661.079,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	5.105.051,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	799.600,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	6.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	10.000,00 €
Total Operacións correntes.....	5.920.651,00 €

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Investimentos reais.....	70.949,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	8.500,00 €
Total Operacións de Capital.....	79.449,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	6.000.100,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 3.-Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.380.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	3.620.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	100,00 €



Total Operacións correntes.....	6.000.100,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	6.000.100,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABELÓS-TERRA DE MONTES.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	1.096.616,94 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	196.888,06 €
Total Operacións correntes.....	1.293.505,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais.....	500,00 €
Total Operacións de Capital.....	500,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	1.294.005,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	269.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	1.024.705,00 €
Total Operacións correntes.....	1.294.005,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	1.294.005,00 €

ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	63.994.663,94 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	51.636.989,06 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	133.104,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	35.196.785,00 €
Capítulo 5.- Fondo de contingencia e outros imprevistos	1.010.000,00 €
Total Operacións correntes.....	151.971.542,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais.....	34.145.303,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	57.297.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	280.900,00 €
Total Operacións de Capital.....	91.723.359,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	243.694.901,00 €



ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORIENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos.....	20.314.740,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	16.595.728,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.906.155,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	185.973.971,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	3.555.807,00 €
Total Operacións correntes.....	242.346.401,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	238.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	260.000,00 €
Total Operacións de Capital.....	1.348.500,00 €
TOTAL ORZAMENTO.....	243.694.901,00 €

“

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a resolución de reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026 e aprobación definitiva do mesmo, asinada con data 16 de decembro de 2025 polo Secretario da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

- Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- Votos en contra: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
- Abstencións: (2)**: do grupo provincial do BNG.



A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a resolución de reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026 e aprobación definitiva do mesmo, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE e coa abstención das Deputadas e Deputados do BNG.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

